

GALEGAS QUE ROMPERON BARRERAS


RITA F. QUEIMADELOS



ANTONIA SANJURJO



MERCEDES MARIÑO




ÁNGELA RUIZ ROBLES



ELISA PATIÑO



MARUJA MALLO



ILUSTRACIÓNS DE ABI CASTILLO - DO LIBRO "PIONEIRAS"

MARÍA BARBEITO



FINA CASALDERREY



RITA F. QUEIMADELOS



“A primeira galega en
obter o título de
arquitecta”

Rita naceu na Torre, un pequeno lugar da parroquia de Valeixe do municipio da Cañiza, na provincia de Pontevedra.

A súa infancia transcorreu entre o lugar da torre, municipio pertencente a Cañiza onde vivían os seus avós e a cidade de Ourense onde residía cos seus pais.

En 1928 foi vivir coa súa avoa materna a Santiago de Compostela. Alí realizaría cursos preparatorios de Ciencias Químicas durante dous anos co obxecto de poder acceder aos estudos de arquitectura. Cursou tamén Debuxo na Escola Elemental de Artes e Oficios da cidade (actualmente Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo).

Entre 1932 e 1936 superou catro cursos académicos, aprobando todas as materias. A Guerra Civil interrompeu a súa traxectoria académica, ao cortarse as clases, e non puido renovar os seus estudos ata 1939. Ese ano e o seguinte cursou dous cursos intensivos, con exames continuos (os denominados "cursos patrióticos"), e conseguiu licenciarse o 26 de agosto de 1940 (ao mesmo tempo, entre novembro de 1939 e maio de 1940 realizou o servizo de auxilio social, actividade necesaria para poder obter o título universitario)

Rita Fernández Queimadelos grazas ao apoio da súa avoa e o seu teson foi a primeira galega que obtivo o título de arquitectura e a terceira en todo o estado español.

Exerceu profesionalmente asinando os seus propios proxectos e traballou arreo durante 30 anos no que máis lle gustaba.

“Converteuse nunha construtora dos seus propios soños”.

MARÍA ANTONIA SANJURJO



“A nosa primeira xogadora de hóckey sobre herba”

María Antonia Sanjurjo Álvarez naceu en Santiago de Compostela o 6 de xullo de 1910. Foi a segunda de trece irmáns e neta do inventor do primeiro submarino galego, Antonio Sanjurjo Badía.

O seu pai continuaría os pasos do seu avó, así que Vigo convertiríase na cidade na que medraría. Sería nesta cidade onde comezaría os seus estudos na **escola profesional de comercio de Vigo**, titulándose no ano **1929**. Nese mesmo ano formou parte como vogal da xunta directiva da asociación de estudantes mercantís de Vigo. **En 1930 obtivo o título de profesora mercantil na Escola de Altos Estudos Mercantís da Coruña.**

En 1930 abandona Vigo e trasladaríase a Madrid para contonuar cos seus estudos. Ingresando na facultade de Dereito da Universidade Central e na Escola de Altos Estudos Mercantís de Madrid, graduándose nesta última en 1932, ano no que comeza a exercer como profesora axudante da Cátedra de Xeografía na Escola Profesional de Comercio de Vigo. Estudiar en Madrid é a causa pola que vai a vivir na Residencia de Señoritas de Madrid.

É precisamente nesta residencia onde coñece **o hóckey**. Esta experiencia fai que, no verán de 1932, decida crear en Vigo o Atlántida Hóckey Club. Segundo as propias palabras de Antonina nun diario, créase para poder xogar contra o Vigo H.C. Nesta iniciativa colaboran con ela as súas irmás Carmela e Tere. Mesmo, as máis pequenas participan cada vez que o club celebra unha festa cociñando as que elas chamaban “**galletas atlántida**”

Antonina é considerada pola prensa da época a alma mater do hóckey galego. **No ano 1933 nace a Federación Galega de Hóckey**, da que formará parte como tesoureira e da que recibe o título de presidenta de honra.

MERCEDES MARIÑO



“A nosa primeira actriz e primeira muller en dirixir un grupo de teatro”

Mercedes Mariño Naceu en Monforte de Lemos no ano 1909. Sendo unha nena **emigrou** coa súa familia a **Cuba**. E o pouco de chegar a Cuba xa comeza a formarse na interpretación na “Agrupación Artística Gallega da Habana. Dado o seu talento non tarda moito en formar parte das compañías de teatro profesionais da capital cubana. **Con 18 anos recibe unha gran oportunidade** a través dunha proposta para actuar nos escenarios de Nova York xunto coa gran actriz italiana Mimi Aguglia.

Converténdose así na primeira artista nacida en Galicia que debuta nos escenarios de Nova York, interpretando un papel protagonista.

No ano 1929, Xa de regreso a Cuba converteríase na actriz principal do filme “El veneno de un beso”; a primeira longametraxe muda do cine cubano.

Mercedes foi unha adiantada aos seus tempos no mundo artístico dado que participou no nacemento do teatro radiofónico cubano, no mundo da música, converténdose nunha das primeiras mulleres españolas en cantar jazz e outros ritmos afroamericanos do século XX.

En 1931 trasládase a Madrid e continua co teatro e co mundo da música; editando varios discos nos cales e das primeiras voces que introduce ritmos caribeños no noso país.

No ano 1948 decide regresar a súa terra Galicia, instalándose na cidade da Coruña., Onde se convertería na primeira muller que dirixiría un grupo de teatro.

A súa carreira profesional foi enorme ao igual que a súa caída no esquecemento.

Mercedes Mariño foi unha gran e afamada actriz de teatro, cine, radio e televisión. Foi a precursora da dirección teatral e tamén unha cantante innovadora. Ao longo da súa vida desenvolveu unha brillante carreira polos escenarios americanos e españois.

ÁNGELA RUIZ ROBLES



“A inventora do primeiro libro electrónico”


Ángela Ruiz Robles (28 de marzo de 1895 Villamanín , León - 27 de outubro de 1975, Ferrol , A Coruña) foi unha profesora de español, escritora, pioneira e inventora da mecánica precursora do libro electrónico. Ángela foi unha mestra leonesa que fixo da súa vocación, unha paixón. Soñaba cun mundo no que aprender fose divertido e tiña ideas revolucionarias para conseguilo. No seu empeño por facilitar o ensino dos seus alumnos, Ángela inventou a Enciclopedia Mecánica en 1949.

Esta enciclopedia electrónica podería entenderse coma a primeira tablet da historia! O seu invento ofrecía portabilidade e alixeraba o peso dos libros aos alumnos. Os conceptos que inventou Ángela eran demasiado avanzados para a súa época. Con todo, seguen vixentes 70 anos despois. O seu invento facía moito máis atractiva o ensino e adaptaba o contido ao nivel de cada estudante.

Foi profesora e directora de varias escolas. Pero tamén lla coñece pola súa etapa como inventora. Como inventora levou a cabo varios proxectos. En 1944 realizou o proxecto do atlas científico-gramatical, que servía para ensinar España con leccións de gramática, sintaxe, morfoloxía, ortografía e fonética. Chegaría a inventar unha máquina de escribir, antes de desenvolver a primeira enciclopedia mecánica. Rexistrou o seu invento en 1949. Unha década máis tarde, dirixiría persoalmente a construción dun primeiro prototipo do seu invento.

En 1949, Ruiz recibiu a patente española 190.698 da "Enciclopedia Mecánica" (en español: a Enciclopedia Mecánica).

ELISA PATIÑO




“A nosa primeira
aeronauta”

Elisa Patiño Meléndez, máis coñecida como Chichana, nacía en **Pontevedra en 1890.** Filla de Albino Patiño e Rosa Meléndez, Duques de Patiño, recibiría a máis exquisita educación, pero Chichana non era como as demais mozos da súa época. Ela non quería simplemente casar e ter fillos. Ela quería vivir. Era unha muller culta, comprometida con causas benéficas, unha gran pintora e con grandes dotes para a música, ata tal punto que se lle ofreceu participar nunha xira cunha compañía musical, oferta que rexeitou.

Pero a súa historia, pola que se lle lembrará, comezaba **o 8 de abril de 1913.** Ese día outro galego, o Home Paxaro, ao que se coñecería como o Rey dos Aires, Aviador Piñeiro, despegaba no seu aeroplano Beriot da praia de Baltar en Portonovo, onde instalara un aeródromo para tal fin. Ía sobrevoar a costa #ante a atenta mirada da multitude do pobo. Pero a sorpresa xurdía ao observar que, xunto a el, sentada nunha táboa habilitada para tal efecto, debido a que o avión era monopraza, viaxaba unha muller que veraneaba no pobo, Chichana Patiño. E non o fixo unha soa vez, senón que desde ese día Chichana acompañaba a Piñeiro sempre que podía nas súas saídas de adestramento, converténdose así na primeira muller en voar de Galicia, de España e probablemente de Europa. E o 12 de outubro de 1913, Chichana facía historia de novo ao ter a súa primeira experiencia como piloto, tomando ela mesma os mandos do aparello de Piñeiro. Nesa época a aviación era exclusivamente unha práctica masculina e a nivel mundil as mulleres que se atrevían coa aviación eran moi poucas.

Elisa Patiño foi unha adiantada ao seu tempo!

MARÍA BARBEITO



María Nicolasa Paula Barbeito Cerviño (A Coruña, 1880 - Ibídem, 1970) foi unha mestra, pedagoga, escritora, tradutora, lingüista profesora española. Introduciu en Galicia os principios de Montessori, segundo os métodos do belga Decroly.

con dezaseis anos xa era Mestra Superior, sempre atenta aos avances no ensino, introducindo por primeira vez en Galicia metodoloxías innovadoras que aínda na actualidade se consideran avanzadas.

Foi directora durante máis dunha década e en **1933 consegue por méritos propios o cargo de inspectora educativa**, en contra da opinión de gran parte dos seus colegas, dado que para a época que unha muller ocupara ese cargo considerábase inapropiado.

En 1935 emprendeu unha viaxe por Europa pensionada pola Xunta de Ampliación de Estudos xunto con outros dez docentes españois, visitando institucións educativas de Francia, Bélxica, Países Baixos, Alemaña, Suíza e Italia nos que tomou contacto cos métodos pedagóxicos que se impartían en Europa.

Ao seu regreso como resumo da viaxe e das visitas realizadas escribiu Países e Escolas no que realiza unha crítica das prácticas pedagóxicas observadas.

Entre os temas de interese dentro da área de pedagogía figura **o bilingüismo na escola galega** sobre o que publicou un artigo no **Boletín da Academia Galega en agosto de 1931**, no que recoñecendo o seu "rexionalismo acendrado" expón a necesidade do uso da lingua materna entre mestre e discípulos así como reivindica: "Dedicar un día á semana para a lectura, escritura e conversación na lingua vernácula para todos os alumnos sen distinción. Lecturas e recitacións ese mesmo día, dos nosos poetas e prosistas máis destacados."

"A nosa mestra
defensora da liberdade"

FICHAS DO TRABALLO

MULLERES GALEGAS

IES FREI MARTÍN SARMIENTO

[CLUB DE LECTURA BRADOMÍN]

4ºESO PDC

Curso 2012/2013

A BELA OTERO (Valga, 1858)



Naceu en Valga (Pontevedra) en 1858 nunha familia moi humilde.

Foi bailarina, cantante e actriz. No seu tempo foi das mulleres máis famosas do mundo e tamén moi rica.

Aínda que ao principio o negaba, nos seus derradeiros anos reivindicou a súa orixe galega.

Morreu pobre en Niza (Francia) en 1965.

Celia Rosendo

ANA KIRO

(Arzúa 1942 - Oleiros 2010)



Cantante. Triunfou coa canción lixeira en galego nos anos setenta e oitenta nun contexto moi difícil xa que cantar na nosa lingua non era rendible para a industria discográfica.

Ten moito éxito entre o pobo e convértese na raíña absoluta da súa disciplina artística.

CHUS LAGO (Vigo, 1964)




María Jesús Lago Rey alcanzou a cima do Everest sen axuda de osíxeno artificial.

En xaneiro de 2009 convértese na primeira española en cruzar o Polo Sur despois dunha travesía de 59 días en solitario.

Celia Rosendo

CONCEPCIÓN ARENAL (1820-1893)



Penalista, pensadora e escritora. No seu pensamento destacan o pacifismo, o humanitarismo e a defensa das mulleres, para as que reivindicaba a igualdade, a instrución e a non discriminación no traballo.

Desafiou os costumes da época vestindo con roupas masculinas para ir á universidade, onde só podía asistir pero non obter título pola discriminación que se lles facía daquela ás mulleres.

EMILIA PARDO BAZÁN

(1851-1921)



Naceu en 1851 na Coruña. Foi novelista, ensaísta, periodista e crítica. Introdutora do Naturalismo en España e precursora do movemento feminista.

Chegou a ser a primeira muller presidenta do Ateneo de Madrid (onde só podían entrar homes).

Tamén foi a primeira muller catedrática de Literatura Contemporánea de Linguas Neolatinas.

Ramón Villaverde

FINA CASALDERREY



Escritora galega nacida en Xeve (Pontevedra) en 1959.

Premiada en numerosas ocasións pola súa obra literaria adicada aos máis xóvenes. Entre estes galardóns destaca o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Ten libros traducidos a trece linguas (entre elas o coreano e o bretón).

Recentemente foi nomeada académica da RAG (Real Academia Galega).

Carmen Couto

INÉS DE CASTRO

(Monforte 1325-Coimbra 1355)



Foi a Portugal como dama de companhia da súa prima Constanza Manuela que ía casar con Pedro, futuro rei de Portugal.

Inés e Pedro namoráronse e tiveron catro fillos. O pai de Pedro opoñíase a esta relación e mandou que a degolaran. Pedro nunca perdoou ao seu pai e, cando ascendeu ao trono, obrigou á corte a render homenaxe ao cadáver de Inés. Por iso se di que reinou despois de morrer.

ISABEL BARRETO

(Pontevedra, hacia 1567)



Pertencia á nobreza e tivo unha formación pouco habitual para as mulleres do seu tempo.

Foi a primeira muller que tivo o cargo de Almirante na historia da navegación española, na época de Filipe II.

LUZ POZO GARZA (Ribadeo 1922)



É unha voz ilustre na nosa poesía dende a publicación do seu primeiro poemario en galego titulado "*O paxaro na boca*".

Achega unha poesía inzada de sensualidade. Entre os seus temas destacan o amor, a inquedanza existencial, a patria, a liberdade, a morte ...

Foi profesora no ensino secundario ata 1987.

É membro da Real Academia Galega.

MABEL RIVERA (Ferrol, 1952)



Actriz de gran experiencia teatral. Iniciouse no teatro nos anos 70.

En Galicia coñécese especialmente polo papel na serie de televisión *Pratos Combinados*.

O recoñecemento nacional chégalle coa película *Mar Adentro* coa que acadou o Premio Goya á Mellor Actriz de Reparto no ano 2004.

Mabel Rivera

MARÍA DE LOS ÁNGELES ALVARIÑO GONZÁLEZ (1916-2005)



Oceanógrafa, zoóloga e mestra galega nacida en Ferrol.

Precursora na investigación oceanográfica española e destacada científica internacional.

Primeira muller científica nun barco británico de investigación. Descubriu 22 especies de organismos mariños.

Carmen Couto

MARÍA ARAÚJO

(Carril, 1904 - Habana, Cuba, 1989)



Guerrilleira antifranquista. Era delegada sindical na fábrica conserveira na que traballaba e cando sucedeu o levantamento militar de 1936 pasou á clandestinidade, organizando un movemento de guerrillas na zona de Redondela.

No ano 1944 marchou a Cuba e ali colaborou co movemento revolucionario de Fidel Castro. Coñecida como "*María la Guerrillera*" ou "*María la Gallega*".

Rubén Rodríguez

MARÍA BALTEIRA




Vivió no século XIII e foi a máis sonada das soldadeiras da Galicia medieval.

As soldadeiras cantaban, tocaban e bailaban e daquela isto era considerado un oficio marxinal e mal visto.

Díse dela que frecuentaba as cortes de Fernando II e Afonso X o cal lle dedicou alguna das súas composicións.

MARÍA CASARES

(A Coruña 1922 - París 1996)



Foi unha lendaria actriz que triunfou no exilio en Francia, converténdose nunha das grandes figuras da escena francesa.

En 1949 entra na *Comedie Française* e cinco anos despois no cine. Colaborou cos mellores directores e actores de teatro e cine e participou nos festivais máis importantes do mundo.

Os premios de teatro en Galicia levan o seu nome.

Rubén Rodríguez

MARÍA CASTAÑA (Século XIV)



Personaxe histórico que viviu no século XIV en Lugo.

Liderou a revolta de 1386 durante o reinado de Xoán I de Castela en contra dos abusivos impostos do bispo de Lugo.

Esta heroína galega é mencionada habitualmente na frase "*en tempos de María Castaña*" cando alguén quere falar do pasado.

Carmen Couto

MARÍA LUZ MORALES

(1898-1980)




Foi periodista e escritora especializada en cine e teatro. Foi a primeira muller directora dun xornal español, *La Vanguardia*, e ademais nun período moi complicado: ao comezo da Guerra Civil.

Aínda que se trasladou nova a Barcelona nunca se desvencellou de Galicia.

Ramón Villaverde

MARÍA PITA (1556-1643)



Foi unha heroína coruñesa que se enfrontou a unha flota inglesa comandada por Drake en maio do 1589 para defender a cidade.

Segundo as crónicas da época, cando os ingleses estaban a punto de penetrar na cidade, María Pita logrou derribar ao abandeirado inglés acendendo así aos defensores e forzando a retirada dos asaltantes ingleses.

MARÍA VINYALS, Marquesa de Ayerbe (1875-1940)



Naceu no castelo de Soutomaior.

Muller de grande cultura, foi alcumada "*Marquesa Vermella*" debido ás súas ideas progresistas no eido social e político.

Destacou nas tertulias de intelectuais de Madrid, onde pasaba parte do ano.

Foi unha firme defensora dos dereitos das mulleres.

Lucía Couto

MARUXA MALLO **(Viveiro 1905 - Madrid 1995)**



Foi unha das artistas da xeración de 1927.

Como artista de vangarda, foi máis recoñecida pola súa produción na órbita do surrealismo.

Viviou a súa vida como unha rebelión permanente contra as convencións artísticas e sociais do mundo.

Yoana González

MARUJA MALLO



“A nosa artista libre e defensora da arte como unha forma de expresión”

Maruja Mallo (Ana María Gómez González neceu en Viveiro , o 5 de xaneiro de 1902 e morreu o 6 de febreiro de 1995) foi unha pintora surrealista española . Está considerada como unha artista da “**Xeración de 1927** ” dentro das vangardas españolas .

Cando era nena, Mallo alternaba entre vivir cos seus pais e a súa tía e o seu tío (Mentres vivía coa súa tía e o seu tío a unha idade temperá, sentiu inspirada para crear e expresarse a través da arte. Tras o nacemento dun dos seus irmáns, a familia trasladouse a Avilés , onde permaneceron desde 1913-1922. En 1922 aos 20 anos, a familia de Mallo trasládase a Madrid . Alí comezou a estudar na Real Academia de Belas Artes de San Fernando, onde permaneceu ata 1926. En Madrid coñeceu a artistas, escritores e científicos da Xeración Española do 27 como Salvador Dalí , Concha Méndez entre outros. Logo pasou a formar un grupo de mulleres da Xeración do 27 coñecido como “As sen chapeu”.

Co estalido da Guerra Civil española en 1936, Mallo fuxiu a Portugal . Todo o seu traballo de cerámica desta época foi destruído na guerra. Posteriormente, Gabriela Mistral , quen nese momento era embaixadora de Chile en Portugal, axudou a Mallo a mudarse a Buenos Aires , onde recibiu unha invitación da Asociación Amigos da arte para impartir un ciclo de conferencias sobre un tema popular na arte española, “Histórico proceso no camiño das artes plásticas ”, en Montevideo e logo en Buenos Aires.

Como artista cultivou un surrealismo moi especial. O seu estilo pasou por dúas etapas diferenciadas, unha colorista nos anos 20 con temáticas máxicas, cosmopolitas e optimistas; e outra sombría e apagada nos 30, máis caótica e desequilibrada. Tamén experimentou nesta etapa tecnicamente incorporando ao lenzo materiais orgánicos (cinza, cal...). Despois Mallo vai recuperando o equilibrio e a harmonía, demostrando unha gran pericia na pintura figurativa e recollendo obxectos e buguinas do mar. Volve ao seu país nos anos 60 tras un cuarto de século de exilio.

MARÍA SOLIÑA

(Cangas do Morrazo, século XVII)



Durante os ataques dos piratas e corsarios nas costas galegas, María Soliña e outras mulleres defenderon o seu pobo.

Foi acusada de bruxería pola Inquisición porque ía pola noite á praia, onde morrera o seu marido nun dos ataques dos piratas .

Foi encarcerada e torturada. Morreu pobre e soa pero a súa lenda sempre se mantivo na memoria colectiva.

PEPA A LOBA



Bandoleira lendaria que acadou fama asaltando camiños e roubando a caciques e cregos. Dirixía a súa propia gavela de ladróns.

Dise que puido nacer na provincia de Pontevedra sobre 1930

Era unha muller forte e de moito carácter que coñeceu dende nena a fame e a miseria.

É unha figura mítica de Galicia.

PLACERES CASTELLANOS (1896-1971)



Activista política durante a República e xornalista nacida en Pontecaldelas (Pontevedra).

En 1933 era a única muller que figuraba como afiliada da Agrupación Socialista de Vigo entre 107 homes.

Tivo que exiliarse a Francia onde participou activamente na resistencia francesa contra os nazis. Levou a cabo misións por toda Francia como sarxenta da III Brigada de Guerrilleiros da Forza FTI (Franc Tireurs de L'Interieur).

ROSALÍA DE CASTRO

(Santiago 1837 - Padrón 1885)



Escritora coa que se inicia o Rexurdimento da literatura galega. Grazas aos seus poemarios converteuse na escritora máis célebre do idioma galego, non só entre os especialistas senón tamén entre a xente común. Rosalía teimou a contracorrente ao escribir en galego e sintonizou literariamente cos máis desfavorecidos e coas mulleres.

No 2013 conmemórase o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, a primeira obra mestra da literatura galega contemporánea.

Antía Castro

SOFÍA CASANOVA

(A Coruña 1861- Poznan (Polonia) 1958)



Novelista, poeta e periodista. A proposta do diario ABC foi cronista na I Guerra Mundial. Foi a primeira muller galega correspondente de guerra. Tamén cubriu toda a revolución rusa.

Dominaba sete idiomas e as súas obras foron traducidas ao polaco, francés, italiano e sueco.

En 1923 foi proposta para o Nobel de Literatura.

Lucía Couto



Mulleres Galegas na Ciencia

4º ESO B, IES Pedra da Auga

Ana de Castro, meiga e feiticeira



- Naceu no primeiro terzo do século XVII.
- Foi encarcerada e castigada por exercer o traballo de feiticeira e embusteira.
- Viviou pola zona de Pontevedra.
- Morreu no último terzo do século XVII.

Encarnación Fraga



- Foi a que creou a primeira farmacia en Fertiñans.
- Data de nacemento: Cambados no ano 1908.
- Data de defunción: en Cambados no ano 2000.
- Deu clase de matemáticas no Instituto Ramón Cabanillas de Cambados.

Andrea Sabino
María Otero
Ana Álvarez


Isabel de Zendal

Primeira enfermeira internacional

Naceu en Galicia a finais do s.XVIII e morreu en México a principios do s.XIX.

Foi a única muller que fixo parte da Real Expedición Filantrópica da Vacina da Varíola.

Autores: Diego Amil, Robert Suárez e Cristian Pérez.





Maria del Portal

+Naceu na Coruña o 11 de outubro de 1914.

+Foi a primeira muller Boticaria galega.

+Republicana, formada na Institución Libre de Enseñanza.

Alex, Lucía y Sara

Olimpia Valencia



- A primeira galega licenciada en Medicina pola USC.
- Naceu en Baltar, provincia de Ourense, o 14 de decembro de 1898.
- Morreu no verán do ano 1987 en Vigo.
- Estuvo no cuartel da guardia civil acusada de pertencer ao Partido Galeguista e ademais de ter tratos con esquerdistas.

Christian, anxos e Ivan.



“Es libre así que voa”